

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE XULLO DE 2016 POLA QUE SE DECLARA NULA A CONCESIÓN DO PREMIO ACCÉSIT CONTEMPLADA NA RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE XULLO DE 2016, NA QUE SE RESOLVÍAN OS PREMIOS DO XIV CONCURSO DE CREACIÓN AUDIOVISUAL CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO.

De acordo co establecido nas bases da convocatoria 2016 de concursos da Universidade de Vigo, (XIV premio de creación audiovisual) que establece : *“Poderase presentar calquera traballo amateur e orixinal non galardoado en ningún outro concurso”*

ESTA REITORÍA RESOLVE

Declarar nula a concesión do premio accésit, contemplada na resolución reitoral de 20 de xullo de 2016 na que se resolvían os premios do XIV concurso de creación audiovisual (modalidade video experimental) , á obra

“CHANGE THAT TUNE” de Lucía Estévez González por incumprimento da base mencionada.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ó recibo desta notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpor contra esta Resolución Recurso Potestativo de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da presente, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común.

En Vigo a 27 de xullo de 2016

O REITOR

PD R.R. 7/5/2014 -DOG 13/5/2014

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro de anuncios dos Rexistros da Universidade de Vigo
Vigo, 28 de xullo de 2016

Cefe do Servizo de Extensión Universitaria



Ricardo Cordero Salgado



Mantel Fernández Iglesias